

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANUNCIO do 19 de abril de 2016, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se publica a toma de posesión provisional dos predios de substitución da zona de concentración parcelaria de Baio (Zas-A Coruña).

Finalizada a notificación e publicación do acordo de concentración parcelaria da zona de Baio (Zas-A Coruña), dado que os recursos presentados e pendentes de resolución non exceden os límites legalmente establecidos, e vista a disposición transitoria primeira da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, e a Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural resolveu dar posesión provisional dos novos predios de substitución con data 21 de marzo de 2016.

Todas as persoas interesadas tomarán posesión dos seus terreos obrigatoriamente, sen prexuízo das rectificacións que procedan como consecuencia da estimación dos recursos de alzada que prosperen.

Se algún propietario impedir ou obstaculizar a toma de posesión dos novos predios de substitución no prazo que se indica neste aviso, poderá ser obxecto de compulsión directa, logo do apercibimento persoal por escrito, sen prexuízo das sancións económicas que se lle poidan impoñer.

Os interesados poderán reclamar, xuntando unha medición pericial asinada por persoa técnica competente, sobre as diferenzas superiores ao dous por cento (2 %) entre a cabida real dos novos predios e a que conste no expediente de concentración, no prazo de sesenta días naturais que se contarán a partir da data en que os predios se poñan á súa disposición.

Os prazos para a toma de posesión son os seguintes:

a) Para a zona de monte, recoméndase chegar a un acordo entre achegante e adxudicatario para a retirada das árbores existentes nos predios. No caso contrario, deberán ser retiradas polos propietarios das parcelas de achega no prazo máximo de seis meses desde a publicación deste aviso no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), logo da petición ao Servizo



de Montes do preceptivo permiso e o informe favorable do Servizo de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, no caso de seren especies autóctonas protexidas, sen prexuízo das demais autorizacións que legalmente procedan. Así mesmo, deberán adoptarse as medidas relativas á prevención de incendios forestais previstas na lexislación vixente.

Transcorrido o prazo de seis meses sen que se proceda á súa retirada, entenderase que as árbores pertencen ao propietario do novo predio.

b) Para os labradíos sen colleita pendente, prados, pastos e montes sen árbores, o día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.

c) Para os restantes predios, no momento de seren retiradas as colleitas que estiveren pendentes de recolección no día antes citado.

A Coruña, 19 de abril de 2016

Manuel Rodríguez Vázquez
Xefe territorial da Coruña

